

ORDENANZA Nº 11 REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE MATADOIRO E TRANSPORTE DE CARNES.

Artº. 1 Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto na Lei 39/1988, de 28 de decembro, este Concello acórdase a imposición e ordenación da Taxa por servizos de matadoiro así como carrega de carnes.

Art. 2º. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a prestación obrigatoria dos servizos e/ou a utilización das instalacións que se indican.

- a) Utilización dos servizos de matadero detallados nas tarifas.
- b) Utilización das instalacións e bens destinados ó servizo de matadoiro.
- c) Transporte de carne desde o matadoiro ó mercado e ós establecementos dos particulares.

Art. 3º. Suxetos pasivos.

1. Son suxetos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten os servizos, utilicen os bens e instalacións ou ós propietarios dos animais que provoquen os servizos ou utilicen os bens ou instalacións.

Art. 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 5º. Cota tributaria.

- * Por xato sacrificado..... 2,40 €
- * Por cerdo sacrificado.....1,50 €
- * Por cordeiro sacrificado..... 0,90 €

Art. 6º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art. 7º. Devengo.

A obriga de contribuir nace desde que teña lugar a prestación do servizo ou desde que se utilicen os bens ou servizos.

As cotas esixibles polos servizos regulados na presente Ordenanza liquidaríanse por acto ou servizo prestado.

Art. 8º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL:

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo pleno da corporación entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1990.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobado en Pleno de 30/10/89.